



# AS HISTORIAS DE BLUE

Tal como son eu


CONTO DEDICADO Á NOSA LINGUA, ÉSA QUE É CAPAZ DE POÑER NOME A FORMAS DE SER,  
SENTIMENTOS E EMOCIÓNS QUE SON MOI NOSOS.

E TAMÉN A TODAS AQUELAS PERSOAS QUE TIVERON QUE MARCHAR DESTA TERRA, E SENTIRON  
MORRIÑA, DESEXANDO VOLVER AO QUE PARA ELAS É O MELLOR LUGAR DO MUNNDO.

**LETRAS GALEGAS 2020**



OLA  
EU SON BLUE



**MOITA XENTE PENSA QUE EU SON INGLÉS. CLARO CO NOME QUE TEÑO!**

**PERO NON, EU NACÍN EN GALICIA. MEU AVÓ PÚXOME O NOME DE BLUE SEGUINDO UNHA TRADICIÓN FAMILIAR.**

**HAI MOITOS ANOS OS MEUS BISAVÓS TIVERON QUE MARCHAR A LONDRES PARA TRABALLAR E ALÍ NACERON MEUS AVÓS. CANDO MEUS PAIS ERAN MOZOS VOLVERON TODOS A GALICIA ONDE EU NACÍN.**

**PERO QUE BEN FEITIÑO É MEU  
MENIÑO!**



**SON GALEGO E DE MIN DÍN MOITAS COUSAS, ALGUNHAS DELAS NON AS  
ENTENDO MOI BEN.**



NON ME SEXAS  
TRAPALLEIRO!

**NON SEI COMO NON CRERON QUE FORA O GATO!**

MIRA QUE ES  
LARPEIRO!



HAI VECES QUE NON ME IMPORTA O QUE DIGAN DE MIN POIS QUERE DICIR QUE  
ALGO MOI BO ESTÁ ACONTECENDO!



ESTE RAPAZ É BEN RIQUIÑO

**APRENDÍN QUE RIQUIÑO NON É TER MOITOS CARTOS! DINME ASÍ CANDO COMPARTO ALGO VALIOSO, CANDO DIGO COPUSAS BONITAS E DE CORAZÓN OU CANDO AXUDO SEN QUE MO PIDAN.**

HOXE ESTÁS  
BEN RABUDO




**TAMÉN APRENDÍN QUE AS VECES VALE MÁIS PARAR DE FACER COUSAS QUE NON DEBO.**





**SEMPRE ES TAN  
AGARIMOSO!**



**ÉME IGUAL O QUE DIGAN DE MIN!**

**SEMPRE ACABO O DIA CON BICOS PARA TODOS!**

**CAL QUERES TI?**

**Continuará**